



Concello de Lugo

AREA DE COHESIÓN SOCIAL  
Ref: XUVENTUDE  
Asunto: Maratón fotográfico Instagram

## **BASES DO MARATÓN FOTOGRAFICO DO 10º ANIVERSARIO DA CASA DA XUVENTUDE**

### **OBXECTO**

O obxecto da presente convocatoria é a realización dun maratón fotográfico, coincidindo coa celebración do 10º aniversario da Casa da Xuventude. Deste xeito, búscase premiar a creatividade e técnica na fotografía da mocidade.

### **REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

Poden presentarse a este maratón fotográfico mozos e mozas de 14 a 35 anos, empadroados no Concello de Lugo, ou que traballen ou estuden no municipio, que teñan unha conta de Instagram pública. Tamén deberán seguir a conta de Xuventude en Instagram: @XUVENTUDE\_LUGO.

As e os menores de 18 anos precisarán permiso dos pais, nais ou titores/as.

### **CARACTERÍSTICAS**

O Maratón celebrarase ao longo dos actos conmemorativos do 10º Aniversario da Casa da Xuventude, dende o 9 ata o 11 de abril do 2021.

As fotografías presentadas terán que ser realizadas durante a celebración das distintas actividades que compoñen a programación de dito aniversario. Estas fotografías non poden ser retocadas nin manipuladas en ningún dispositivo externo á cámara ou dispositivo móbil coa que se realice.

Cada persoa participante deberá subir ao Instagram unha única fotografía co cancelo #XuventudeActiva. Deberase mencionar no título a @XUVENTUDE\_LUGO.

### **INSCRICIÓN**

As persoas interesadas deberán realizar a inscrición na páxina web de xuventude, [www.xuventudelugo.gal](http://www.xuventudelugo.gal), dende o día da presentación das bases ata o día anterior ao inicio do maratón.

### **XURADO CALIFICADOR**

Estará composto por profesionais do sector da fotografía que premiarán a creatividade, a orixinalidade e a calidade fotográfica. A selección das



MURALLA  
protección da heranza

fotografías gañadoras será decisión absoluta do xurado e o seu veredicto, definitivo.

### PREMIO

Establécese un único premio dunha fin de semana para dúas persoas nas Cabanas da Chousa, no Veral (Lugo).

### DISPOSICIÓNS FINAIS

Ao presentarse a este concurso, cada persoa participante manifesta a aceptación total das bases do mesmo.

A organización resérvase o dereito a non admitir a concurso as fotografías que non cumpran os requisitos ou poidan atentar contra a sensibilidade ou dereitos de terceiras persoas.

Calquera incidencia non contemplada nestas bases, que se publicarán en [www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal), será resolta pola organización.

Lugo, 23 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente na marxe izda

